



Pago de tributos

A partir do **1 de xuño de 2024** o Concello de Narón, trala sinatura do convenio con Correos y Telégrafos, SA, permite que o pago dos tributos ou calesqueira outro ingreso de dereito público que deba satisfacerse á facenda municipal poida realizarse mediante xiro postal.

A información máis relevante respecto desta nova forma de pago indícase de seguido:

Pago por xiro postal nas Oficinas de Correos ou, no ámbito rural, a través dos carteiros rurais por medio de dispositivos PDAs.

O pago daquelas débedas tributarias e outros ingresos de dereito público cuxa xestión recadatoria lle corresponda ao Concello de Narón poderá ser realizado mediante xiro postal para o seu ingreso na conta restrinxida de recadación.

A persoa obrigada ao pago deberá dispoñer do documento de pago emitido por esta Administración.

O pago poderá realizarse en efectivo ou con tarxeta.

O pago deberá realizarse pola totalidade do importe a ingresar, sen que exista a posibilidade de realizar ingresos parciais.

No momento do pago, Correos entregará ao usuario un resgardo do xiro postal. O pago considerarase efectuado na data en que o xiro postal sexa realizado, con independencia da data en que os fondos sexan ingresados na conta restrinxida de recadación.

Correos cobrará aos seus clientes as tarifas ou demais cantidades que teña estipuladas pola prestación do servizo de xiro que non se considerarán importes pagados á Administración e quedan excluídas da relación xurídica existente entre a persoa obrigada ao pago e o Concello de Narón.